



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES:

Afonso Luis, Carina da Conceicao
Alba Castro, José Luis
Alberte Pivida, Rodrigo
Allegue Aguete, Pilar
Álvarez González, Lara
Álvarez Rodríguez, Pablo
Arca Carracedo, Iván Carlos
Arias Moreira, Xosé Carlos
Arias Sánchez, Pedro
Barcia Rodríguez, Ignacio
Bergantiños Cid, Gustavo
Bernal Gómez, Rosa
Blanco Pesequeira, Antonia
Bravo Bernárdez, Jorge
Bueno Alonso, Jorge Luis
Bustillo Bolado, Roberto Orlando
Cabeza Pereiro, Jaime
Cabeza Pereiro, M^a Del Carmen
Carballo-Calero Ramos, M. Victoria
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Cid Fernández, M^a Magdalena
Cid Fernández, Xosé Manuel
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos
De Oca Cancela, Guillermo
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Dominguez Martín, Jorge
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Manín, Generosa
Fernández Pulpeiro, Ana
Fraiz Brea, José Antonio
Gago Rodríguez, Alberto
Gallego Veigas, Pedro Pablo
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Cutrin, Francisco Javier
García Estévez, José Manuel
García Mateo, Carmen
García Soidán, José Luis
García Soidán, María Del Pilar
García Vázquez, José Manuel
García Vázquez, Manuel
Gil Villanueva, José M^a
Godoy Malvar, Eduardo
González Cespón, José Luis
González Crespán, M^a Araceli
González Pillado, Esther
González Piñeiro, Luis
Graña Rodríguez, Ana María
Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Briones, María Jesús
Lago Ferreiro, Alfonso
Liste Fernández, Araceli Mercedes
Llamas Nistal, Martín
Lorenzo Cimadevila, Enrique
Martínez Piñeiro, Ana Belén
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Membrela Iglesia, Pedro
Mojón Ojea, Artemio
Montero Muñoz, María
Morán Martínez, M^a Paloma
Mosquera Nartallo, Carlos
Moure Rodríguez, María José
Navaza Dafonte, Francisco
Nombela Castaño, Miguel Ángel

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 9 de decembro de dous mil nove, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 9 de decembro de 2009**, ás 10:39 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 17 de marzo de 2009 e das sesións extraordinarias do 26 de maio e de 10 de novembro de 2009.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 61 dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria.
4. Aprobación, se procede, do procedemento de aprobación polo Claustro Universitario dos regulamentos de desenvolvemento dos Estatutos.
5. Comparecencia da Xerencia para a análise e debate da política xerencial relativa aos cumprimentos dos acordos asinados coa Xunta de Persoal, a oferta de emprego público, a RPT de biblioteca e Campus, carreira administrativa, produtividade variable, política de emprego, formación.
6. Elección dos seguintes postos vacantes no Consello de Goberno:
Sector decanos/directores: 3.
7. Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:
COMISIÓN N^o1: Regulamento de réxime económico e contratación.
Regulamento do persoal de administración e servizos.
Sector estudantes: 3.
COMISIÓN N^o3: Regulamento de profesorado.
Sector estudantes: 2.
COMISIÓN N^o4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia.
Regulamento de institutos universitarios.
Sector profesor funcionario doutor: 1.
Sector estudantes: 2.
COMISIÓN N^o6: Regulamento do Tribunal de Garantías.
Regulamento de réxime disciplinario.
Sector outro persoal docente e investigador: 1.
8. Rogos e preguntas.

Otero Camiña, José Luciano
 Pazó Martínez, M^a Consuelo
 Pérez Iglesias, M^a Teresa
 Pérez Lustres, Emilio
 Pombal Diego, Manuel Ángel
 Prada Blanco, Albino
 Prieto Tobío, Joaquín
 Rama Martínez, M^a Esperanza
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rodríguez Sampayo, Arturo
 Sánchez Bello, Patricio Alfredo
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
 Soto Carballo, Jorge
 Suárez Pazos, Mercedes
 Sueiro Justel, Joaquín
 Teixeira Bautista, Marta
 Terán Moldes, M^a Del Carmen
 Tojo Suárez, M^a De La Concepción
 Vallejo Pousada, Rafael
 Vaquero Díaz, M^a Beatriz
 Varela Martínez, Iago
 Vázquez Vicente, Xosé Henrique
 Vera Isasa, María
 Villar Suárez, Horacio Antonio

DESCULPANA SÚA AUSENCIA:

Barreiro Blas, Antonio
 Pérez Cota, Manuel
 Puga Alonso, Javier
 Vázquez Dorrió, José Benito

Punto 1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 17 de marzo de 2009 e das sesións extraordinarias do 26 de maio e de 10 de novembro de 2009.

Non habendo obxeccións presentadas ás actas e, de acordo co art. 20 do Regulamento de réxime interno do Claustro, enténdense aprobadas as actas.

Punto 2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 61 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Cédese a palabra ao reitor que sinala que para o Sistema Universitario de Galicia, 2009 non foi un ano demasiado favorable. Perdemos cohesión, por cambios normativos e de funcionamento con tendencias centrífugas; asistimos á conxelación real dos programas de I+D, con restricións nas liñas e estratexias que botaron por terra unha boa parte do excelente traballo realizado durante os últimos catro anos; perdemos financiamento directo incondicionado, arrastrados por unha crise económica que puxo patas arriba os orzamentos públicos; perdemos presenza e influencia, acosados polas inxerencias, as demandas e os calendarios dos poderes locais, económicos e institucionais dos nosos respectivos ámbitos de influencia. E a Educación e a Innovación deixaron de ocupar un lugar preferente e non figuran hoxe por ningures como prioridades do país.

Esta é a foto actual, en color sepia, do Sistema Universitario de Galicia. Con todo, neste marco menos optimista, 2009 non foi un mal ano para a Universidade de Vigo. Houbo de todo, por descontado. Pero, en conxunto, 2009 quedará rexistrado como un ano de acontecementos e resultados que nos reforzan, diferencian e reafirman no camiño escollido.

A iso vai referirse o reitor neste Informe ao Claustro, facendo algunhas reflexións que, para ter unha mellor perspectiva, en ocasións estenderá ao mandato que neste curso finaliza. Comeza co detalle dos datos de matrícula correspondentes ao curso 2009-2010. Seguirá cun repaso do acontecido na segunda fase de adaptación da oferta de títulos ao EEES. Dedicará a parte central do informe a diversos aspectos relacionados coa Calidade e o Agrupamento; a situación actual da rede de centros propios e mixtos de investigación; os resultados e plans referidos ao programa “Campus de Excelencia Internacional”; e os avances producidos nos plans de Modernización Tecnolóxica e de infraestruturas. Contra o final, dará conta dalgúns éxitos acadados polos nosos profesores, estudantes e PAS, que merecen ser coñecidos e avaliados por este Claustro. E finalizará o seu informe facendo un breve repaso dos fitos legislativos que temos por diante.

1.DATOS DE MATRÍCULA

Comeza o reitor presentando os datos case definitivos (cun escrutinio do 98%) da matrícula correspondente ao curso académico 2009-2010:

- Estudiantes matriculados en 1º e 2º ciclos.....19.209
 (Títulos Oficiais e Titulacións Propias)

- Estudiantes matriculados en Posgrao.....3.248
(Másters Universitarios e Doutoramento)

Total Estudiantes con Actas Oficiais22.457

Así pois, o curso 2009-2010 comezou cunha situación estable de matrícula de aproximadamente 22.500 estudantes en actas oficiais, lixeiramente por riba dos 22.300 matriculados no curso pasado.

Ten dito nalgunha ocasión que non é un problema fixar o noso tamaño nunha cifra de matrícula próxima aos 20.000 estudantes. Desde o seu punto de vista, este sería un tamaño medio razoable e favorable para os argumentos de calidade docente. Hoxe engade o desexo de que fôsemos capaces de manter e mesmo superar as cifras actuais de posgrao. Porque é o sinal de calidade máis recoñecido a nivel internacional e a confirmación da capacidade de influencia de calquera universidade. Non é un obxectivo doado, porque acadamos neste curso cifras importantes e porque se trata dun segmento cunha forte competencia de oferta; pero podemos e debemos intentalo.

2. ADAPTACIÓN AO EEES.

Da conta, en segundo lugar, de cómo foi en 2009 o proceso de adaptación ao EEES na nosa Universidade.

Antes de nada, avaliemos o resultado final da segunda fase de adaptación. Coas tensións e os cambios regulatorios por todos coñecidos, o proceso concluirá este curso coas seguintes características:

- A transformación integral de 39 títulos de grao, nunha oferta adaptada ao EEES á que se incorporan tamén 78 títulos de máster.

- Nesta nova oferta inclúense por primeira vez catro novos títulos de grao: “Enxeñaría da Enerxía”, “Ciencias Ambientais”, “Infonomía” e “Comercio”.

- No caso particular do Campus de Ourense, que ata o de agora non tiña ningunha titulación exclusiva do SUG, esta transformación implica eliminar a Licenciatura de Física, duplicada coa USC, e incorporar na oferta 3 novos títulos de grao exclusivos en Galicia: “Ciencias Ambientais”, “Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos” e “Infonomía”.

É certo que este esforzo de adaptación soportou tensións innecesarias, como as xeradas polos cambios normativos impostos á metade da reforma. Cabe pensar, tamén, que o proceso puido ser máis flexible desde o principio, en favor das estratexias das universidades e dos Centros. Pero, en conxunto, o saldo final para a Universidade de Vigo pode cualificarse de satisfactorio.

3. CALIDADE E AGRUPAMENTO.

En terceiro lugar, fai referencia a diversos aspectos de Calidade e Agrupamento que teñen sido moi relevantes neste mandato, especialmente durante o ano que está a punto de finalizar.

Sempre que ten oportunidade, destaca o reitor estes argumentos como referentes básicos para determinar as iniciativas das universidades. A nosa Universidade xoga a iso por vocación, e, en ocasións, esta actitude esixente ten a recompensa esperada.

A CAG sacou en 2009 a segunda convocatoria do Programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación (os chamados Agrupamentos de Investigación), dotado con 4 axudas de 750.000 euros, a razón de 250.000 euros anuais durante 3 anos. Na resolución deste concurso, os 3 primeiros agrupamentos seleccionados foron da Universidade de Vigo. Atendendo aos resultados globais, coa inclusión da primeira convocatoria, dos 8 Agrupamentos de Investigación seleccionados pola CAG, 4 pertencen á Universidade de Vigo, 3 á USC e 1 á UDC. Os nosos agrupamentos competitivos son os seguintes:

- Ciencias Mariñas
- TIC
- Ciencia e Tecnoloxía Agro-alimentaria
- Agrupamento Bio-sanitario

Falamos en todos estes casos de agrupamentos con máis de 60 doutores e con resultados de produción científica de primeiro nivel. Non son os únicos agrupamentos posibles, pero definen con precisión algunhas das principais apostas de I+D desta Universidade. O que definiron de xeito normativo os Plans Estratéxico e de I+D aprobados por este Claustro resulta contrastado agora nos procesos competitivos externos.

Ademais dos Agrupamentos, as Vicerreitorías de Investigación e de Titulacións e Espazo Europeo centraron o seu traballo na promoción do Doutoramento de Calidade. A resposta dos Programas e dos seus responsables foi óptima e os resultados compensaron esa dedicación. Porque, en efecto, en 2009 a Universidade de Vigo pasou de 5 a 15 Programas de Doutoramento de Calidade, propios ou coordinados, ademais de participar en 9 inter-universitarios liderados por outras universidades, o que nos situou no posto 14º do ranking nacional elaborado polo CSIC a tal efecto.

4. RANKING DE PRODUCCIÓN CIENTÍFICA E PLAN PROPIO DE CONSOLIDACIÓN DE DOUTORES ACREDITADOS.

A mención do ranking español de doutoramento de calidade da pé a incorporar no Informe unha breve referencia ao ranking mundial de produción científica que se coñece co nome de SCIMAGO e foi publicado o mes pasado. Con posterioridade, conectará este resultado co Plan Propio de Consolidación de Doutores Acreditados, dun xeito que fai xustiza, na súa opinión, a un dos programas que máis éxito e rendemento está xerando para a Universidade de Vigo nos últimos anos.

O ranking SCIMAGO é elaborado polo CSIC e as Universidades de Alcalá, Carlos III, Extremadura, Granada e Pompeu Fabra, sobre os datos de produción científica e impacto internacional da base SCOPUS. O ranking selecciona as 2.000 primeiras institucións do mundo que teñen máis e mellores resultados de investigación, cubrindo deste xeito o 85% da produción científica mundial.

Ao seleccionaren neste ranking os resultados das universidades españolas, chama a atención que entre as 6 primeiras do ranking figuren 5 catalás (Barcelona, Pompeu Fabra, Autónoma de Barcelona, Rovira i Virgili e Girona). Na procura dunha explicación, téñense vinculado estes resultados coas políticas de captación de talentos e de promoción da calidade postas en marcha pola Generalitat de Cataluña a principios da presente década.

Se movemos o noso obxectivo para nos fixar nas universidades galegas, observaremos algúns datos de enorme interese para a nosa Universidade. En produción bruta (que garda relación co tamaño e a antigüidade), no ranking nacional ocupamos as seguintes posicións: USC: 9ª; UVIGO: 15ª; UDC: 35ª; mais se nos fixamos no indicador de impacto internacional, a UVIGO pasa a ocupar o posto 14ª a nivel estatal, por diante de universidades como a Complutense, Granada, País Vasco, Salamanca, Sevilla ou Zaragoza, e o 1º a nivel galego (a USC ocupa o posto 20º e a UDC o 46º).

¿Como podemos explicar este bo resultado da UVigo? Na opinión do reitor, non é atrevido facer a mesma asociación que se fixo antes para as universidades catalás. Este resultado debe ser visto como unha consecuencia directa das políticas de Captación de Talento e de Promoción da Calidade seguidas nos últimos anos, incluíndo, de xeito destacado, o Plan Propio de Consolidación para Doutores Acreditados.

En xeral, a política de profesorado da Universidade de Vigo responde desde fai anos a argumentos de esixencia e competencia. Non é un feito illado, nin casual, por exemplo, que a UVigo teña renunciado a utilizar a figura de Profesor Colaborador prevista na LOU; nin tampouco que a promoción estea condicionada a acreditacións externas (habilitacións no seu día) de calidade. Nin foi circunstancial a aposta pola incorporación e consolidación de doutores acreditados, prioritariamente con procedencia dos programas Ramón y Cajal e Parga Pondal.

Fixémonos un momento nos datos acumulados no Programa Propio de Consolidación de Doutores Acreditados. Se temos en conta as convocatorias resoltas no período 2005-2009, a UVigo incorporou mediante este Programa Propio 60 novos doutores acreditados, 46 procedentes dos Programas “Ramón y Cajal” (estatal) e “Parga Pondal”, (autonómico), 8 Axudantes, 5 Asociados e 1 Visitante. Por ámbitos, os 60 se dividen en 23 do ámbito científico, 15 do Tecnolóxico, 13 do Humanístico e 9 do Xurídico-Social.

60 novos doutores acreditados son moitas liñas abertas en máxima produción para calquera institución. Este é un dos principais retornos, non sempre evidente e contrastable, destas políticas e programas. Este ano sae outra nova convocatoria de 15 prazas. Seguramente imperfecta, como todas, dada a dificultade de conciliar expectativas, necesidades e orzamentos. Pero non esquezamos os resultados globais que acabo de presentar. O futuro desta Universidade está depositado en gran medida na captación dos seus recursos humanos. Deberíamos non esquecer esta evidencia cando volvamos debater sobre estes programas e políticas.

5. REDE DE CENTROS E INFRAESTRUTURAS DE I+D.

Fai referencia a continuación aos efectos de consolidación que 2009 supuxo para a Rede de Centros e Infraestruturas de I+D da Universidade de Vigo.

Probablemente non sexa esaxerado afirmar que, como resultado do éxito acadado nas distintas convocatorias de fondos FEDER, do MICIN e de PARQUES, referidas a instalacións e equipamento científico, a UVigo completará neste mandato reitoral unha das redes de I+D máis moderna e potentes da CAG.

Refírese, en primeiro lugar, ás instalacións e á aparelaxe científica do Centro de Investigación e Transferencia do Campus de Ourense, recentemente inaugurado, e do novo edificio de ampliación do CACTI, á beira da Facultade de Ciencias de Vigo, en avanzado estado de construción. A estas instalacións hai que lles engadir a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla-ECIMAT, reforzada coas dotacións materiais e humanas que financia o Agrupamento de Ciencias Mariñas, e tamén o Módulo Tecnolóxico-Industrial-MTI, de próxima inauguración, e o Centro de Investigación Bio-Sanitaria-CIMBIO, en fase de concurso.

Á consolidación desta rede propia de Centros e Instalacións de Investigación hai que lle engadir diversas iniciativas mixtas que potencian o noso músculo científico, a nosa capacidade de colaboración e as nosas iniciativas de transferencia. É o caso, en primeiro lugar, da “Cidade Tecnolóxica de Vigo-CITEXVI”, cun primeiro módulo que ten prevista a súa inauguración o vindeiro mes de xaneiro, e un segundo módulo xa en fase de estudo. Ademais, CITEXVI propónse como obxectivo a extensión das súas iniciativas ao Campus de Ourense. A recente sinatura dun convenio de colaboración da Universidade de Vigo co centro CENIT de IBM, situado en Ourense, avanza novas posibilidades de colaboración na I+D centrada nese Campus.

A CITEXVI están vinculadas outras dúas iniciativas mixtas de gran importancia para esta Universidade. Refírese aos Centros Tecnolóxicos das Telecomunicacións de Galicia – GRADIANT, e de Eficiencia Enerxética de Galicia – ENERGYLAB, con participación da Administración Autonómica e das principais empresas de cada un destes dous sectores industriais.

Por último, debe incluírse tamén como vinculado á rede de I+D da Universidade de Vigo o denominado “Centro Atlántico de Investigacións Mariñas”-CAIM, centro mixto promovido en parcería co Consejo Superior de Investigaciones Científicas-CSIC. Da importancia que asignamos a este proxecto dá idea a recente creación polo Consello de Goberno do Comisionado para o Centro Atlántico de Investigación Mariña e o nomeamento para exercer esta responsabilidade de D. Emilio Fernández Suárez.

Todas estas iniciativas e dotacións definen, como dixo antes, unha das redes de I+D máis importantes da CAG, coa característica adicional de ser compartida con Institucións e Empresas que asumen obxectivos semellantes de Innovación e Transferencia. Cremos neste modelo mixto como un dos sinais de identidade desta Universidade e aspiramos a converternos, se non o temos feito xa, na referencia da CAG neste sentido.

6. CAMPUS DE EXCELENCIA INTERNACIONAL.

A mención ao CAIM dá pé para introducir neste informe unha referencia ao programa do Ministerio de Educación denominado “Campus de Excelencia Internacional”.

Centra a súa atención neste programa porque cree que os seus antecedentes e as distintas iniciativas que usan o seu nome están xerando algunha confusión. De paso, é unha excelente

oportunidade para dar conta ao Claustro dalgunhas iniciativas que se queren iniciar cara a futuras convocatorias deste ou doutros programas semellantes.

Para empezar, aclaremos a qué nos referimos cando falamos do “Campus de Excelencia Internacional”. É un Programa, nacido no Ministerio de Ciencia e Innovación e agora baixo a tutela do Ministerio de Educación, que intenta seleccionar e incentivar economicamente os proxectos de Campus Universitarios españois con maior proxección externa e posibilidade de competir a nivel internacional.

O Campus de Excelencia Internacional tivo un primeiro intento de convocatoria en 2008, que, tras sufrir diversos avatares administrativos, cambio de Ministerio incluído, acabou sendo transferido ás CC.AA. Para facer o reparto dos 6 millóns de euros procedentes de 2008, a CAG sacou en novembro pasado unha convocatoria, que se está resolvendo nestes momentos. Para facernos unha idea dos prazos imposibles a que nos somete esta convocatoria, pénsese que os fondos asignados deberán ser xustificados ao longo desta mesma semana. A toda velocidade, a UVigo presentou unha proposta de Campus Mariño moi centrada nos nosos recursos e moi vinculada ás facturas de gastos executados durante o ano. A prensa fíxose eco deste concurso e desta proposta, como si fose a presentada pola UVigo á convocatoria nacional do Campus de Excelencia Internacional. A confusión veu motivada pola coincidencia nos nomes e nos prazos, pero non teñen nada que ver. A autonómica é unha convocatoria alimenticia; a estatal é una convocatoria estratéxica.

Centrémonos xa na convocatoria estatal do “Campus de Excelencia Internacional”. A finais do pasado mes de xullo, o Ministerio de Educación convocou a primeira edición, edición 2009, do concurso “Campus de Excelencia Internacional”, dotado con 150 millóns de euros en préstamos, cun xurado internacional de prestixio e un prazo non menos perentorio que o autonómico, posto que o prazo de entrega de propostas finalizou o pasado 9 de setembro. O seu resultado acaba de saír publicado en prensa. Acadan a mención de Campus de Excelencia Internacional 3 propostas de Madrid (Autónoma de Madrid + CSIC; Complutense + Politécnica de Madrid e Carlos III) e 2 de Barcelona (Autónoma de Barcelona + CSIC; Barcelona + Politécnica); e outras 4 reciben unha mención de Excelencia Rexional: USC, Oviedo, Cantabria e un agrupamento de 5 universidades andaluzas, lideradas por Córdoba.

A UVigo presentouse a esta convocatoria cunha proposta de tipo xenérico, baseada nos nosos catro agrupamentos e co principal obxectivo de aprender para reforzar o noso proxecto na seguinte convocatoria. Da experiencia acumulada, da avaliación obtida pola nosa proposta e do que puidemos observar nos proxectos gañadores, poden derivarse as seguintes conclusións:

- É necesario conseguir a máxima agregación posible, tanto en termos de grupos de I+D, como de axentes interesados na transferencia, institucións sociais e diferentes niveis de goberno.
- As propostas deben procurar coherencia e integración territorial e actuar como semente do desenvolvemento rexional.
- Os perfís xenéricos solo poden defenderse a partir dunha gran masa crítica e un alto intercambio internacional de partida.
- Os perfís diferenciados dominantes foron: Bio-sanitario, TIC e Ciencias Sociais. En todo caso, deben entenderse como elementos diferenciais, pero con carácter horizontal e integrador.

A partir destas conclusións, a Universidade de Vigo debe definir a súa propia estratexia. Na nosa opinión, debe basearse nos seguintes puntos:

1. Debe ser un proxecto de TODA A UNIVERSIDADE, DE TODO O TERRITORIO E DE TODOS OS AXENTES. Neste sentido, gustaríanos que o proxecto representase a todo o SUG, incluíndo OPIs, Centros e Plataformas Tecnolóxicas, todo tipo de organizacións, agrupacións e empresas, públicas e privadas, institucións sectoriais, poderes locais e autonómicos etc.
2. A nivel interno, debe ser un proxecto horizontal, que ilusione, represente e promova a participación de todos os ámbitos, campus, centros e grupos, aínda que non todos teñan o mesmo grao de participación.
3. A nivel orgánico, o proxecto debe ter o máximo nivel e a máxima implicación de equipos e persoas. Neste sentido, o Equipo de Goberno adoptou xa algunhas decisións importantes:
 - O responsable xeral da nova proposta que presente a UVigo será o Comisionado do CAIM, Emilio Fernández Suárez.
 - Con el traballarán 2 Comisións:
 - Unha Comisión Executiva, coa participación do Reitor, a Vicerreitora de Investigación, o Vicerreitor de Planificación, o Director da Área de Transferencia e o Comisionado do Plan Estratéxico.
 - E unha Comisión Técnica, coa participación de representantes dos catro Agrupamentos de I+D e das Direccións dos Centros da UVigo.
4. En canto a perfís, as Comisións Técnica e Executiva deberán adoptar unha decisión ao respecto. Non hai nada decidido, entre outras cousas porque o proxecto co que concursaremos será practicamente novo. Porén, hai algunhas ideas que poden servir para iniciar o debate . A referencia do mar pode ser a que máis una a nivel interno e a que máis nos diferencie externamente. A nivel local, ten un impacto moi grande; a nivel autonómico, ten unha boa acollida; a nivel estatal, é algo que se espera de nós. Enunciada de maneira flexible (“Ciencia, Tecnoloxía e Transferencia Mariñas”, por exemplo), pode canalizar unha participación case universal a nivel interno e unha agrupación externa amplísima, coa presenza doutras universidades e OPIs, así como doutras institucións practicamente de todos os ámbitos, sectores, empresas e niveis de goberno.

Isto é o que se pretende artellar nos próximos meses, coa finalidade de concursar á segunda convocatoria do Campus de Excelencia Internacional, prevista para o segundo trimestre de 2010. Queremos que sexa unha iniciativa institucional, que conte coa máxima participación e apoio posibles e, se pode ser, que quede fóra da discusión electoral.

Sabemos, aínda así, que non será un concurso fácil, porque a convocatoria seguirá sendo moi restrinxida e na primeira edición quedaron fóra universidades moi importantes. Pero queremos intentalo, coa pretensión de definir un pouco máis e mellor a nosa estratexia institucional, reflectida de maneira xeral no Plan Estratéxico, e de xerar un ámbito e un hábito de traballo conxunto

(Goberno da Universidade, Campus, Centros, Agrupamentos, OPIs, Institucións públicas e privadas de I+D, representantes sectoriais etc.) que sempre resultará necesario e útil para esta Universidade.

7. POLÍTICAS DE PROFESORADO E POSGRAO.

Aborda a continuación algúns aspectos relevantes referidos ás Políticas de Profesorado e posgrao.

2009 foi un ano importante para a UVigo en temas de Política de Profesorado. En primeiro lugar, porque se confirmaron varios programas importantes, abertos en exercicios anteriores, como o Programa Propio de Formación en Áreas de Especial Dificultade. En segundo lugar, porque abrimos novas liñas coa finalidade de cumprir algúns compromisos electorais pendentes. E, por último, porque, paralelamente a estes cambios, completamos o escenario de posgrao dun xeito máis aberto e flexible, cumprindo neste caso co compromiso asumido por min mesmo no Informe de 2008 presentado a este Claustro.

Recorda, en primeiro lugar, os principais programas da Política de Profesorado confirmados en 2009:

- O Programa Especial de Promoción para Doutores Acreditados, cunha dotación de 15 novas prazas na convocatoria que acaba de ser aprobada polo Consello de Goberno.

- O Plan Propio de Formación Doutoral para Áreas de Especial Dificultade, que prosegue este ano cunha nova convocatoria de 8 bolsas e 5 contratos, para unha dotación permanente de entre 35 e 40 investigadores en formación en 2012.

- O Programa Especial de Consolidación de Cadros de Profesorado en función da Carga Básica por Áreas/Campus.

- E o Programa de Promoción a Cátedra para Titulares Acreditados con 3 ou máis sexenios de investigación, ou por Plantilla de Profesorado con vinculación permanente.

Todas estas son decisións xa adoptadas, que derivan dos compromisos asumidos previamente por este Claustro e polo Consello de Goberno.

Ademais, durante o ano abríronse novas liñas relacionadas coa Planificación e Organización Docentes, que merecen algún comentario:

- En primeiro lugar, a normativa de POD para o vindeiro curso permitirá que os Departamentos poidan volver a utilizar a figura de Axudante. Para iso será necesario cumprir con determinadas garantías de capacidade de promoción: 1) conxelación dos créditos necesarios para promover unha praza consolidable na área-campus, recuperables previa acreditación correspondente do Axudante Contratado; 2) acreditación de capacidade formativa suficiente; 3) límite de 1 praza de Axudante por ano e Área.
- En segundo lugar, o Consello de Goberno aprobou tamén novas desgravacións asignadas a cada Centro en apoio dos labores de coordinación docente na implantación

dos novos Títulos de Grao. Estas desgravacións serán incorporadas no próximo POD e terán unha entidade de 60 horas por cada Grao adscrito a un Centro e de 20 horas por cada curso que deba impartirse a cada módulo de 80 estudantes de Grao.

- En terceiro lugar, o último Consello de Goberno aprobou a incorporación dunha nova tipoloxía de máster con repercusión en POD, que se engade ás fórmulas vixentes do contrato-programa para másteres de Investigación e de incentivos económicos para Másteres Profesionalizantes. A nova tipoloxía permite que cada máster poida elixir a combinación entre apoio económico e recoñecemento en POD que mellor se axuste aos seus obxectivos, coas seguintes equivalencias:
 - Polo primeiro módulo de 1.200 ECTS matriculados (equivalente ao mínimo de 20 estudantes a tempo completo fixado pola Xunta de Galicia), o Promotor ou Promotores do Mestrado poderá elixir entre:
 - 300 horas de profesorado en POD ou
 - 20.000 euros de incentivo económico.
 - E por cada módulo adicional de 600 ECTS, poderanse incrementar as cifras anteriores en:
 - 100 horas de profesorado en POD ou
 - 10.000 euros de incentivo económico.

Nesta nova tipoloxía de máster, os recursos económicos poderán empregarse en todo tipo de actividades asociadas, pero os pagamentos retributivos son restrinxidos a profesorado externo.

- E, por último, aprobouse tamén a convocatoria dun Plan Piloto de Contratos-Programa para Centros, coa finalidade de dotalos de maior autonomía na programación das súas actividades docentes. A experiencia parte da definición do concepto “Tamaño Medio de Grupo” de cada Grao. Este é o criterio numérico que permite outorgar a cada Centro un número global de horas de profesorado, que poderá ser asignado en grupos e actividades docentes de carácter xeral – cursos cero, programas divulgativos, plans de promoción, plans de acollida etc.– de acordo cos obxectivos e preferencias de cada Centro.

8. A IMPLANTACIÓN DO NOVO PLAN DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN DA UVIGO.

Centra agora a atención no novo Plan de Sistemas e Servizos de Tecnoloxías da Información e Comunicación que comezou a ser implantado en 2008. Este Plan representa probablemente unha das transformacións de maior fondura para esta Universidade desde os seus inicios.

O Plan de Sistemas e Servizos de TIC tivo o seu punto culminante no inicio do presente curso 2009-2010, ao producirse a implantación da nova ferramenta informática de xestión académica, XESCAMPUS, a todos os Títulos de Grao e Posgrao. XESCAMPUS vén substituír ao XESTA, un programa obsoleto e mal adaptado ás crecentes e complexas necesidades de xestión

académica desta Universidade. Xa que logo, estamos xa en condicións de lles ofrecer aos nosos estudantes: a matrícula por internet, un sistema de pagamento totalmente flexible e con prazos máis amplos, o envío de notas por SMS, a sinatura electrónica de actas e unha substancial redución do prazo de emisión de títulos desde a súa solicitude (de 6,5 anos a 1 ano promedio).

Con ser este o esforzo de modernización tecnolóxica máis coñecido e perentorio, non é o único que se está levando a cabo nesta Universidade. Na Secretaría Virtual estanse a introducir melloras moi importantes, incluíndo unha nova ferramenta de Xestión da Investigación, denominada SUXI, que, entre outras utilidades, lles facilitará aos investigadores información en tempo real sobre o estado de proxectos, contratos e convenios de I+D. Estase a traballar tamén na implantación de novas ferramentas informáticas para a xestión económica e de recursos humanos. E atópanse en fase de implantación os novos aplicativos para a Xestión de Actividades Deportivas, de Espazos e Horarios e de Xestión de Infraestruturas.

Todas estas ferramentas operativas darán subministro informativo a un novo Programa de Xestión da Información para a Dirección, con capacidade para emitir informes, facer diagnósticos, realizar memorias etc., que deberiamos ter activo ao longo do presente curso 2009-2010. E se a iso lle engadimos a iniciativa de voto electrónico que decidimos levar adiante en consorcio das tres universidades coa Xunta de Galicia, queda claro que esta liña de innovación tecnolóxica ten definido o que foi un dos compromisos electorais máis firmes deste Equipo e un dos principais retos modernizadores da nosa Universidade durante o exercicio 2009 e para o inmediato futuro.

9. INFRAESTRUTURAS.

Fai a continuación un breve repaso da evolución das diversas infraestruturas, docentes e de investigación, previstas para o exercicio 2009.

Campus de Vigo. Neste Campus entraron en funcionamento os novos espazos para Departamentos na Escola Superior de Enxeñaría de Telecomunicación e a Biblioteca das Facultades de Bioloxía, Química e Ciencias do Mar. Ademais, atópanse en avanzado estado de execución os proxectos da “Cidade Tecnolóxica de Vigo” - CITE XVI - e do Módulo Tecnolóxico-Industrial - MTI - , con inauguracións previstas para os vindeiros meses de xaneiro e abril, respectivamente. A ampliación do CACTI vai un pouco máis lenta e seguramente non estará resolta deica finais de 2010. Esta data condiciona o calendario do CINBIO - Centro de Investigación Biomédica -, que será concursado a principios de 2010 e terá unha execución non inferior a 18 meses.

Polo que respecta á Escola Infantil, xa contei neste Claustro as dificultades que tivemos para definir un Convenio que finalmente asinamos a principios de 2009 coa Vicepresidencia do anterior goberno da Xunta de Galicia. Levamos agora 7 meses tratando de concretar ese mesmo Convenio co Consorcio de Benestar do actual goberno autónomo, sen descartarmos, no seu caso, unha solución distinta. Este é, por tanto, xunto co Edificio das Artes de Pontevedra, un dos proxectos nos que investimos máis tempo e ganas, sen agochar unha alta dose de frustración. Pero non nos imos render. É un compromiso electoral e queremos cumprilo. ● orzamento de 2010 fará a previsión dos fondos necesarios para que poidamos concursar de inmediato o proxecto executivo da Escola Infantil do Campus de Vigo. Concursaremos esta obra e iniciaremos a súa construción no primeiro cuadrimestre de 2010.

Á marxe destas infraestruturas, o futuro urbano e dotacional do Campus de Vigo está vinculado fundamentalmente a unha reivindicación histórica e dous proxectos. A reivindicación refírese á conexión directa do Campus coa AP9 no seu tramo aberto e sen peaxe. Todos os Equipos de Goberno da Universidade e dos Concellos de Vigo, Nigrán e Baiona puxaron por esta infraestrutura con carácter preferente. Pasaron varios gobernos autónomos e diversos Conselleiros e Conselleiras, nalgún caso con coñecemento e interese directos no problema. Non foi posible resolvelo e, si lles son sincero, aínda hoxe non fun capaz de comprender porqué. Pero as necesidades e o proxecto están plenamente vixentes e teremos que seguir ampliando a agrupación de intereses para manter viva e puxante esta demanda.

Os dous proxectos de futuro teñen natureza diferente. En primeiro lugar, seguimos traballando co arquitecto Paulo Mendes da Rocha no proxecto de remodelación integral do ámbito de Enxeñaría. Como lle expliquei no Informe ao Claustro do ano pasado, aprazado o proxecto integral das Vías Elevadas, centramos o noso interese naquela parte que supón a reordenación e reforma urbana do ámbito da Enxeñaría. Neste encargo está traballando neste momento Paulo Mendes. O calendario previsto lévanos a principios de 2010, contando con que, a partir dese momento, o proxecto poida ser presentado á comunidade universitaria.

O segundo proxecto conecta coa iniciativa autonómica da “Cidade do Mar”. Neste proxecto estaba prevista a construción do “Centro Atlántico de Investigación Mariña – CAIM”, centro mixto compartido polo CSIC e a Universidade de Vigo . As dúas institucións seguimos na idea de promover este Centro Mixto, con independencia do que finalmente aconteza coa Cidade do Mar e, polo tanto, de que sexa posible ou non a súa situación nos terreos da ETEA. A Xunta está emprazada a dar unha resposta neste sentido nas próximas semanas. Se non pode ser aí, será noutro sitio: isto é o único que os parceiros temos claro e seguro a día de hoxe.

Campus de Pontevedra: Neste Campus finalizáronse as obras dos novos vestiarios e do Módulo de Laboratorios do Edificio de Ciencias da Educación e do Deporte e neste mesmo mes iniciaremos as obras da Escola Infantil, unha vez resolta xa toda a fase de concurso.

Con respecto ao proxecto do Edificio das Artes, as novidades das que pode informar son ben poucas. Esta obra, como recordarán, estivo en orzamentos e tivo o seu inicio previsto desde xaneiro de 2007. Sen embargo, forma parte dun ámbito de reforma urbanística da cidade de Pontevedra, que, a día de hoxe, non está totalmente resolta. Neste momento hai en trámite unha modificación puntual do plan urbanístico desa zona que nos permitiría construír o edificio previsto con algunhas adaptacións. Pero este trámite urbanístico ten un discorrer complexo, que dificilmente concluirá antes do verán de 2010. En calquera caso, resalto a importancia de facer o seguimento deste proceso, xa que a el está vinculada tamén a iniciativa de construción de prazas residenciais e vivendas para estudantes neste Campus.

Campus de Ourense: neste campus inauguráronse o pasado mes de outubro o Centro de Innovación e Transferencia – CITI –, situado no “Parque Tecnolóxico-Tecnópole”, e están en avanzado estado de execución as obras do novo campo de fútbol-rugby e as pistas de atletismo, así como a remodelación integral do Campus-Sur.

O futuro remite neste Campus á construción da Escola Infantil, comprometida por este Equipo de Goberno, xa concursada e actualmente en proceso de adxudicación. Ademais, estamos dándolle forma á idea de construír un novo Edificio Administrativo, proxecto encargado ao

arquitecto Manuel Gallego Jarreto. E, sobre todo, estamos a traballar no Plan Integral de Reforma Urbana, que abarca unha superficie de un millón de metros cadrados, na que está inserido o Campus-Sur. Está é unha iniciativa compartida co Concello de Ourense, nun proxecto encargado ao arquitecto Pachi Mangado, recente ganador do Premio de Arquitectura Española 2009.

Este Plan Integral inclúe algunhas das propostas reiteradas pola Universidade para a remodelación da zona, como o soterramento da estrada que divide o Campus de Ourense e a transformación peonil do espazo intermedio. Pero desenvolve, ademais, algunhas ideas novas que teñen unha enorme envergadura e sitúan ao Campus como un novo polo central de desenvolvemento urbano da cidade. Creo que así debe avaliarse, por exemplo, a creación da Praza da Universidade por diante da actual Residencia Universitaria, a conexión directa en metro urbano desde esta praza á nova Estación do AVE, ou a reserva de terreos para a situación dunha réplica da “Cidade Tecnolóxica” neste Campus.

Non lle caben dúbidas: o futuro do Campus de Ourense está reflectido neste Plan Integral para os próximos vinte anos.

10. CAPTACIÓN DE RECURSOS, PREMIOS E DISTINCIONES.

Cerca xa do final, fai unha breve mención aos principais recoñecementos externos concedidos ao labor e mérito do PDI, PAS e Estudiantes da Universidade de Vigo. Dareilles algúns datos relativos, en primeiro lugar, á captación de recursos, e farei mención con posterioridade aos principais premios, mencións e distincións recibidos polos membros desta comunidade universitaria.

A captación de recursos é un bo indicador para reflectir o recoñecemento externo da calidade e utilidade do traballo dos nosos investigadores. Neste sentido, 2009 pode cualificarse, tamén, como un bo ano para a Universidade de Vigo en termos de Investigación.

O ten sido en captación externa de recursos, con máis de 10 millóns de euros en contratos e proxectos, e por riba dos 12 millóns en financiamento competitivo estatal e europeo.

O ten sido tamén en resultados das convocatorias concorrentes dos programas I3 e dos grupos consolidados e de referencia.

E o ten sido, incluso, nalgúns resultados e mencións de especial significación para os nosos PDI, PAS e estudantes e para a Universidade de Vigo como institución. Fago públicos neste Claustro algúns destes éxitos, como un recoñecemento a todos aqueles que teñen feito posible a súa consecución :

- Premio “Novo Investigador”, da Sociedade Europea de Metereoloxía, a Dona Raquel Nieto, investigadora Parga Pondal, da Facultade de Ciencias de Ourense. Este premio foi entregado en Toulouse (Francia).
- Elección de D. José Montero Reguera como Presidente da Asociación Internacional de Cervantistas para o período 2009-2012. Esta elección foi realizada en Münster (Alemania).

- Premio ITANIUM 2009, na categoría de aplicacións de computación intensiva, a un equipo integrado polo CESGA, a Universidade de Extremadura, e os investigadores D. Fernando Obelleiro e D. José Luis Rodríguez, da Escola Superior de Enxeñaría de Telecomunicación de Vigo. Este premio foi entregado en San Francisco (EE.UU.).
- Premio 2009 da Internacional Conference on Biometrics a un equipo integrado polo Centro Tecnolóxico GRADIANT e o Grupo de Tecnoloxías Multimedia, integrado, entre outros, polos investigadores D. José Luis Alba, D. Daniel González e D. Luis Pérez, da Escola Superior de Enxeñaría de Telecomunicación de Vigo.
- Premio nacional de Química Física 2009, concedido pola “Real Sociedad Española de Química” a D. Luis Liz Marzán, da Facultade de Químicas de Vigo.
- Nomeamento de D. Fernando Pérez como responsable da Cátedra “Príncipe de Asturias de Ciencia e Tecnoloxía da Información”, con sede na Universidade de Novo México (EE.UU.).

Todas estas mencións, designacións e premios falan da puxanza das actividades de investigación do PDI desta Universidade e, de xeito especial, permiten ver tanto a forte base que forman os grupos de investigación consolidados, como a calidade e competencia da xeración de investigadores novos que estamos incorporando nos últimos anos.

Pero hai outros premios e distincións, que forman parte das actividades e da vida académica desta Universidade nun sentido amplo, ás que quero referirme neste Informe. Son resultados destacables obtidos por membros desta Comunidade Universitaria, aos que nunca fixemos mención no Claustro e que tamén merecen o noso recoñecemento:

- Premios no IX Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores- 2009 ás EBTs “Peloides Termale”, promovida pola profesora Dna. Lourdes Mourelle, en colaboración coa Universidade de A Coruña, e “Nanoinmunotech”, promovida pola profesora Dna. África González, ambas da Universidade de Vigo.
- Mención Especial concedida polo Consejo General de Colegios de Fisioterapeutas de España á Universidade de Vigo pola implantación integral do primeiro Grao en Fisioterapia.
- Primer Premio de las III Jornadas de Excelencia en la Gestión Universitaria, celebradas na cidade de Cádiz, concedido á comunicación “La planificación de la calidad en el ámbito de la gestión de la Universidad de Vigo-Plan Avante”, realizada por un equipo dirixido polos vicexerentes Alberto Vaz e Ángeles Hermida e os funcionarios Gerardo Marraud, Antonia Melón, Marta Cogolludo, Rosa Bernal e Ana Isabel González.
- Distinción da Universidade de Vigo como primeira universidade de fala hispana en incorporar a súa produción académica á plataforma “iTunes”, con máis de 2.000 horas de contidos multimedia en galego, español e inglés.
- E, por último, unha mención especial aos nosos estudantes de máis alto nivel deportivo, que teñen participado e acadado premios en acontecementos de nivel internacional:

- Teresa Portela: medalla de prata no Campionato Mundial K4-500 m. de Piragüismo 2009.
- Javier Gómez : medalla de prata no Campionato Mundial de Tríatlon 2009.
- David Mascato: medalla de prata no Campionato Mundial de Maratón C-2 en Piragüismo 2009.
- Gustavo Nieves: Medalla de Ouro no Campionato de Europa IDSA 2009, para deficientes visuais, en 5.000 e 10.000 metros.

Estes estudantes e deportistas de alto nivel teñen o enorme mérito de compaxinar a actividade académica e os fortísimos requirimentos da alta competición deportiva. A Universidade de Vigo dálles apoio, definindo para eles programas especiais que tratan de compaxinar e normalizar, na medida do posible, as actividades docentes e de avaliación. Pero non está demais que lles fagamos chegar o recoñecemento deste Claustro, na evidencia de que honran a esta Institución cando pasean o seu nome e a súa imaxe polos cinco continentes e de que son un exemplo inmellorable de superación para todos os seus compañeiros.

É probable que durante 2009 outros membros desta comunidade universidade teñan recibido premios e distincións dos que non teñamos noticia. Para eles, tamén, os nosos parabéns.

11. ESTATUTOS DA UVIGO INICIATIVAS PENDENTES.

Finaliza o seu informe facendo referencia a un dos acontecementos de maior alcance que se teñen resolto no exercicio 2009 nesta Universidade. Refírese á aprobación polo Claustro da reforma dos Estatutos para a súa adaptación á LOU de 2007.

A aprobación dos Estatutos por unanimidade puxo un broche de ouro a un proceso que foi longo e complexo, dando pé para definir un escenario normativo despexado, que debe ter continuidade nos próximos meses. Neste sentido, lembra que restan toda unha serie de iniciativas legislativas, nas que levamos traballando moito tempo - Regulamentos de Estudantes, Centros, Departamentos, Económico, de PAS, etc. -, así como o Plan de Igualdade, que deberá ter unha pronta resolución a partir do traballo deste Claustro e que levará aparelladas apostas importantes, entre as que poden avanzar un Plan de Conciliación da Vida Laboral, Familiar e Persoal, que contribuirá a mellorar a calidade de vida e traballo nos nosos campus. Neso confiamos.

Con estas iniciativas, cumpriranse a maior parte dos compromisos asumidos no Programa Electoral e no Plan Estratéxico e seremos capaces de manter o ritmo previsto para levar adiante a fonda transformación do sistema universitario que nos tocou abordar no mandato reitoral que no vindeiro semestre finaliza.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Cabeza intervén para agradecer ao reitor que falara de vagar no informe porque é o último e entende que é importante. Destaca que voluntariamente decide algo que lle honra como universitario que é volver á cátedra o que recorda que todos nos somos persoal docente e

investigador. Dálle os seus parabéns pola decisión adoptada. Sinala que concorda con moitas das cuestións suscitados polo reitor, aínda que non con outras. Manifesta a súa solidariedade coa negociación do novo plan de financiamento. Sinala que por suposto no tema do campus de excelencia apoian a súa proposta e por parte de Nova Universidade non vai haber ningún problema. Entende que o reitor falou moito de calidade e de agrupamentos de calidade e considera que iso ten que ver co esforzo dos grupos e non co goberno da universidade. Así, moitos dos méritos que aquí se plasman son méritos persoais dos profesores. Considera que falta exército. Porque hai 1.500 profesores e moitos deles contratados, e isto amosa que somos dentro da Comunidade Autónoma os que temos menos persoal e menos estable. E isto está moi vinculado coa calidade. Amosa a súa sorpresa porque o seu grupo sempre manexa datos distintos, oficiais e publicados, pero distintos. Así a CRUE di cousas desta universidade non tan favorables coma as que di o reitor. Tamén sente sorpresa porque o informe ten desequilibrios e que revela tamén as súas prioridades, non está o profesorado ao que lle dedica 5 minutos e o benestar da comunidade universitaria. A calidade tamén ten que ver cos equilibrios. Fala do grao, e considera que este ano se pecha cunha reflexión inflada de desencontros e de retórica excesivamente conflitiva. Recorda que xa dixo en Consello de Goberno que hai cousas que non se poden dicir en público: así que o sistema universitario está roto. Pide máis complicidade coa Consellería. Sorprendeulle o devir dos acontecementos no conxunto das titulacións de empresarias, pareceulle tamén excesiva a conflitividade na transformación de física. Ademais, na súa opinión faltou estratexia na implantación de graos. Houbo improvisación e moito camiñar para adiante e para atrás. Tamén o cumprimento do plan estratéxico foi moi parcial, o mesmo que o cumprimento do programa que foi moi relativo. En canto ao posgrao, a imaxe que se ten do mesmo é que consiste nun conseguidor de cartos e a falta de existencia dun proceso selectivo de que posgraos deben implantarse en cada centro. A este respecto, pregunta que estratexia se vai seguir nos centros onde non teñen posgraos implantados. Debería saber cales son os graos de carácter estratéxico. Parécelle axeitado o cambio de rumbo na inclusión en POD pero non é suficiente.

Fala seguidamente do profesorado, e entende que nestes anos se afondaron os desequilibrios entre os distintos ámbitos. O número de 60 profesores consolidados aos que se refire o reitor non é unha cifra ambiciosa. Se rectificou no relativo a axudantes, o que chega tarde pero chega, e é importante para as áreas de coñecemento pouco desenvolvidas. Fala da situación dos axudantes que unha vez defendida a súa tese e despois de acreditarse se lles despide. Entende que a universidade debería ir por diante do previsto nas normas colectivas. Trátase dunha figura que pode axudar e equilibrar. Isto é unha mostra máis da política errática do equipo de goberno. Isto enlaza co tema das desgravacións e o seu concepto. O concepto de desgravación debería estar relacionado só cos cargos académicos, os cargos sindicais o representativos, pero se está construindo artificialmente o tema das desgravacións que só beneficia aos grupos máis competitivos. Nesta época é necesario establecer de forma sectorial políticas de profesorado por centros ou departamentos. En relación aos Parga Pondal, o reitor falou dos que se consolidaron. Considera que temos unha gran débeda cos Parga Pondal contratados e habería que adoptar medidas transitorias. En canto ao regulamento de Profesorado entende que é una norma transitoria recollida como disposición. Fala tamén da Xerencia non de vagar, porque hai un punto de Xerencia posterior. Vai pedirlle á Xerencia que negocie a retirada de calquera demanda relativa á OPE e pídelle que siga negociando e que non teñamos que chegar a una decisión xudicial, porque ten unha débeda con toda a sociedade de darlle tranquilidade. Fala tamén de alumnado, entende que a captación non ten sido axeitada. A política en relacións institucionais estivo moi errada, se deu pouco pulo a esta cuestión. En relación ao benestar, aquí non debe falarse de conciliación que é un tópico de mercado. Entende que as políticas de benestar non teñen xerarquía nesta universidade. Servizos e benestar, é sempre débeda e non

crédito. No que respecta á igualdade, non se cumpre o requisito da paridade. Deberíamos ter un plan de igualdade este ano e non foi realidade porque esta non é prioridade do equipo de goberno. Tampouco temos plan estratéxico de profesorado. Reitera que gobernou para unha minoría, e que deu lugar a máis desequilibrios. Remata dicindo que ao final o reitor deixa esta época con ledicias e amarguras pero lle pide que colabore dende o espazo que ten que ocupar como investigador pero que se encamiñe a que a Universidade sexa máis xusta e máis democrática.

O Sr. Cebro sinala que ogallá puidese despedilo felicitándoo polos 4 anos de mandato; sinala que eles non o apoiaron na súa candidatura aínda que despois si houbo apoios concretos, pero despois do que pasou o día 29 de outubro en Consello de Goberno non o poden felicitar. Recorda o acontecido no Consello de Goberno coa lectura dun escrito polo reitor do sindicatos CCOO e UXT o que se considera un ataque á Xunta de Persoal. Fala sobre a matrícula na que se produciu un aumento de 200 alumnos, e fai referencia a que no Correo Galego saíron os datos de que a USC captou 5.000 alumnos. Pregunta por que a UVigo non captou alumnos. Temos grupos de investigación e profesorado con moita calidade pero temos a profesores nos xulgados por non recibir os complementos totais na paga extra. Recorda tamén que o reitor fala de escola infantil e o único que traballa a favor da conciliación foi o PAS coa organización do Campus Camp, que permite a conciliación dos traballadores da Universidade. Sinala que o reitor non falou de xestión de PAS. En canto á expedición de títulos, a mellora sobre a súa emisión foi como consecuencia do acordo entre a Xunta de Persoal e a Xerencia coa contratación de persoas da lista de agarda. En relación ao PAS, considera que todo o persoal está molesto. Fala seguidamente de cuestións concretas do PAS. Entende que un dos máximos incumprimentos deste equipo de goberno é o convenio colectivo en relación ao persoal contratado. Considera que o equipo xerencial é o gran fracaso do equipo de goberno, tendo en conta o número de membros do equipo e tamén o aumento doutros cargos dentro da Universidade. Fala dun gasto excesivo en Xerencia. Fala de que leva dous anos nos orzamentos a biblioteca e a descentralización dos campus. En biblioteca, pregunta cal é o modelo de biblioteca que ten o equipo de goberno, e, en relación á mesma, alude ás súas carencias concretas así como a mestura entre un modelo centralizado e a existencia de bibliotecas de centros. Refírese tamén á infradotación en persoal da biblioteca. En canto á descentralización dos campus, considera que non existe e que o equipo de goberno no ten modelo de descentralización. Finaliza a súa intervención referíndose á OPE, que é un tema moi grave, porque entre 4000 ou 5000 persoas se poden presentar e a OPE aprobada xera inseguridade xurídica. Considera que a Xunta de Persoal vai gañar ese xuízo porque van presentar recurso contencioso-administrativo e o problema que pode derivarse desto é que con 2000 persoas co exame aprobado sexa necesario retrotraer as actuacións. Apela á responsabilidade do reitor e a xerente sobre este tema.

Intervén o Sr. Fernández Fernández para facer referencia á pouca participación dos claustrais o que da moito que pensar. Entende que esta é unha reflexión na que debe pensarse. Sinala que no seu informe o reitor non falou do PAS e vota en falta algunha referencia. En canto ás infraestruturas, pide que se conte coa opinión dos órganos de representación do PAS para falar das necesidades de persoal. Considera que debe tentar negociarse en todo caso e cando as negociacións non dan resultado, haberá que ir a outras instancias, pero sempre é moio máis axeitado negociar dentro da casa.

O reitor procede a contestar, inicia pola cuestión do Sr. Fernández Fernández, e sinala que non falou de PAS de forma consciente, tendo en conta o punto 5 da orde do día onde se vai falar de forma monográfica do mesmo. En canto á negociación, considera que o Sr. Cebro sempre permanece aínda que pasen equipos, pero el nunca ten culpa de nada. O conflito xurde cando alguén

quere exercer, así non existiron conflitos canto a Xerencia era feble. Cando a Xerencia quere mover o estatus quo entón hai problemas. Recorda que a Xerencia non é a que leva nada ao xulgado, é o presidente da Xunta de Persoal.

Ao Prof. Cabeza agradécelle o ton e sobre todo o manifestado en relación ao campus de excelencia internacional. En posgrao dende o principio houbo cautelas pero había un modelo. Cautelas derivadas do feito de que o grao non existía e ademais non sabiamos cal era o cadro de persoal resultante ao final da implantación do grao e iso se dixo así. Que se buscaría un modelo de posgrao máis flexible unha ven clarificada a situación. A pesar das incertezas, non foron mal as cousas, co esforzo de todos. O modelo que se presenta é un complemento do existente. Foi unha forma de ir graduando a implantación do modelo. Con respecto aos axudantes, cando chegamos había 40 axudantes dos que ningún sabía o modelo de promoción. Agora cando xa está completado o proceso de transformación das titulacións, xa é posible utilizar este tipo de praza pero con dúas condicións: créditos e capacidade de formación.

En relación á estratexia de I+D+i, nótase bastante a cultura científica na que cada un vive, a estratexia debe ser agrupamento e calidade pero isto non significa que non existan apoios para outras liñas, pero se trata de apoiar aos que máis corren. Nesta estratexia habería que incorporar o programa de captación de doutores. En relación ás situacións de conflito, o reitor ten claro que ten que exercer como tal e non aceptar propostas que non teñen sentido dende o punto de vista académico. Para evitar o conflito non vai aceptar calquera cousa. En canto ao tema do Sistema Universitario de Galicia, entende que existe algunha reserva inxusta, en canto ningunha universidade foi máis respectuosa coa normativa vixente que esta, incluso con prexuízo para o propio reitor. O reitor estivo defendendo o sistema universitario de Galicia ata o final. A partir de aí, quen fíxo a proposta de ir todas as universidades conxuntamente ao campus de excelencia foi Vigo e quen está comisionado para buscar unha solución á docencia clínica das tres universidades, é Vigo.

O Prof. Cabeza fai tres observacións: primeira, que no 2006 non empezou o mundo porque xa viña de gobernar o grupo do reitor, por iso eles se teñen situado noutra banda; en segundo, entende que o primeiro é a igualdade porque non todos somos igual de competitivos e se debe axudar aos que non poden correr. Se trata de dous modelos distintos; en terceiro lugar, recorda que o seu eido de traballo é o conflito e que sempre se queda cun 40% menos do que pide para chegar a un acordo. Para chegar a un acordo non se pode regodear no conflito.

O Sr. Cebro felicita ao Sr. Reitor porque desviou a atención e non entrou no fondo. Leva moitos anos na universidade con apoio dos compañeiros, en canto son un colectivo e cada vez teñen máis apoio do PAS. No Consello de Goberno do día 29 de outubro, un profesor pediu que se retirase o punto para negociar e levar o punto ao seguinte Consello de Goberno e a Xunta de Persoal garantía que non ía presentar recurso. Pero se seguiu adiante. Reitera novamente as consecuencias derivadas da aprobación da OPE e o recurso que se vai presentar.

Intervén o Sr. Álvarez Rodríguez, a quen preocupa que se dilúan temas moi importantes. En relación ao persoal laboral, os permisos e licencias, que é onde se podía mellorar, se dixo que non. En relación al programa de I+D+i xa formulou o problema de que o profesorado vai ter que facer traballo de administración. O mesmo ocorre co persoal dos departamentos, nos que hai 30 profesores. Tamén en relación á biblioteca, que tamén está infradotada. En canto ás reformas nos edificios, nunca se lles preguntou sobre as deficiencias dos mesmos ou sobre propostas de melloras

en canto eles son os que coñecen mellor os edificios. Fai referencia a que os edificios non teñen un responsable do mesmo. Alude a todas as cuestións que quedan pendentes coa xerencia: o convenio sen acabar de cumprir, a funcionarización, etc.

Punto 3. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria.

Cédese a palabra ao reitor quen sinala que, metidos de cheo na crise económica, os problemas financeiros afogan os orzamentos públicos en medida dificilmente soportable e obrigan a seleccionar con moito coidado as apostas de gasto. Como no caso estadounidense ou alemán, España e Galicia poderían ter apostado pola Formación na I+D+i como motores de crecemento e, polo tanto, como estratexia de cambio do modelo produtivo. Pero, a pesar da presión exercida polas universidades e, en xeral, polos principais axentes do sistema español de ciencia e tecnoloxía, esta non será a aposta estratéxica das nosas autoridades para o próximo bienio.

Neste contexto, para a Universidade de Vigo o exercicio económico 2010 vai estar caracterizado polo drástico recorte dos recursos que aporta o seu principal financiador, a Xunta de Galicia. O descenso dos recursos estará no entorno do 6,4% e a súa consecuencia máis ilustrativa será a perda do valor real do volume das subvencións recibidas, que descenderán aos importes nominais correspondentes ao exercicio 2006.

Este é o difícil escenario orzamentario no que están elaboradas as previsións económicas da Universidade de Vigo para o exercicio 2010. Un escenario que, como principal característica, concede unha escasísima marxe de manobra, a partir dos programas de gasto comprometidos.

De acordo coas estimacións realizadas, o orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2010 computará arredor dos 176 millóns de euros, o que supón un descenso do 3,4% sobre os ingresos consignados en 2009. Esta redución é consecuencia, fundamentalmente, do descenso dos recursos transferidos pola Xunta de Galicia a través do Fondo Incondicionado, que pasan dun volume de 87,5 millóns de euros no 2009 a un volume de 77,7 millóns de euros no 2010, unha diminución de case 10 millóns de euros que nos sitúa, como acabo de dicir, en niveis de ingresos semellantes aos recibidos en 2006.

Polo que respecta ao resto dos recursos cos que podemos contar, fundamentalmente ingresos por matrícula e captación de recursos de libre concorrencia, os datos cos que traballamos realizan unha estimación prudente de acordo co escenario macroeconómico descrito. Así, para os ingresos por prezos e taxas faise unha estimación de 14,9 millóns de euros, practicamente idéntica á realizada para 2009 por este concepto.

En canto á captación de ingresos, facemos unha prevision de 1,5 millóns de euros por Fondos FEDER e de 17,7 millóns de euros por proxectos e contratos. En total estamos a falar de 19,2 millóns de euros de financiamento externo acadado en libre competencia no mercado de I+D+i.

A situación descrita pon de manifesto que non vai ser un ano fácil en termos económicos e financeiros. Sen embargo, temos na man as garantías necesarias para afrontar con certa tranquilidade o orzamento 2010. Porque as previsións son, coma sempre, moi prudentes. Porque os programas de gasto serán axustados como nunca. E porque a Universidade de Vigo parte dunha

situación de solvencia financeira, que permite a elaboración de orzamentos equilibrados grazas ás cautelas que nos auto-impuxemos nos exercicios precedentes.

Cómpre advertir, non obstante, que este exercicio de prudencia e supervivencia ten un límite e só pode entenderse de xeito excepcional. Na nosa opinión, esta institución non resistiría un exercicio máis nas mesmas condicións de financiamento. Urxe, polo tanto, que podamos aprobar un novo Plan de financiamento en 2010 e que este plan garanta a viabilidade dos orzamentos universitarios para os vindeiros exercicios.

LIÑAS XERAIS

Vexamos a continuación como se concretan estas previsións nas liñas xerais de gasto. As apostas orzamentarias da Universidade de Vigo para 2010 están vencelladas a compromisos legais e programáticos. Son as seguintes:

A). PRIMEIRA LIÑA: COMPROMISOS SALARIAIS DE PDI E PAS.

Como todos os anos, o principal concepto de gasto no orzamento de 2010 será o Capítulo I, que consigna Gastos de Persoal por importe de 99,33 millóns de euros, representando o 56% do gasto total, cun incremento de 4,65 millóns de euros e do 4,91% sobre o importe consignado en 2009. As principais causas deste incremento son as seguintes:

- Primeira, a suba lineal prevista na Lei de Orzamentos do Estado para 2010, que supón 0,35 millóns de euros.
- Segunda, a consolidación da mellora das pagas extraordinarias, que supón 0,35 millóns de euros.
- Terceira, o cumprimento dos compromisos de estabilización e promoción profesional do PDI previstos no Regulamento de Profesorado, no Convenio colectivo para o PDI laboral, e nos programas especiais de promoción e consolidación.
- Cuarta, o cumprimento dos compromisos establecidos nos programas de promoción do PAS funcionario e os resultantes da negociación do II Convenio para o PAS laboral acadados no ano 2009, que teñen o seu reflexo e continuación no exercicio 2010.
- Quinta, a estabilización dos cadros de PAS, cunha Oferta Pública de Emprego que suporá a convocatoria de 97 prazas (48 funcionarios e 49 laborais) a resolver durante o ano 2010.
- E, por último, entre outras causas de incremento, son tamén importantes os compromisos derivados das novas convocatorias de persoal investigador do MEC (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, FPU, FPI) e da Xunta de Galicia (Parga Pondal, María Barbeito, Angeles Alvariño, Lucas Labrada e Isabel Barreto).

B). A SEGUNDA LIÑA ESTRATÉXICA REFÍRESE AO PLAN DE ADAPTACIÓN AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR, INCLUÍNDO GRAO E POSGRAO.

No 2010 completárase a segunda fase da adaptación ao EEES, coa implantación de 14 novos títulos de grao e 12 máster universitarios. Para acompañar este proceso, puxemos en marcha no 2009 un Plan Específico de Adaptación o EEES, que queremos que teña continuidade en 2010 coas seguintes actuacións:

Actuacións dirixidas á reforma das titulacións de grao e posgrao:

- Plan de apoio aos Centros para a preparación dos novos planos de estudo de grao, así como para a realización de actividades de formación e asesoría académica (Dotación orzamentaria 50.000 €).
- Plan de apoio á implantación de novos títulos de máster universitario (Dotación orzamentaria de 97.000 €), cunha liña específica dirixida a fomentar a participación de profesorado alleo na nosa oferta formativa (50.000 €).
- E Programa Tempos de apoio ás iniciativas de virtualización, difusión e xestión do posgrao (160.000 €). Este programa conta con financiamento do Banco Santander.

Actuacións de adaptación dos espazos físicos ás novas metodoloxías docentes

- Plan CEN, dotado cunha partida 1.200.000 €, destinada á realización de obras de reforma para adaptar os espazos docentes dos Centros ás novas metodoloxías de ensino e aprendizaxe.
- Así mesmo, para atender as necesidades de equipamento informático que poidan xurdir tras a reordenación de espazos, mantense constante a dotación para equipamento de laboratorios docentes por importe de 1.755.000 €.

Por último, no Programa de Formación recóllense diversas actuacións de innovación educativa (139.000 €), incluíndo o Programa de Formación de Novo Profesorado.

C). EN TERCEIRO LUGAR, OUTRA DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS PARA 2010 DERIVA DOS COMPROMISOS ASUMIDOS NESTE CLAUSTRO AO APROBAR O PLAN DE I+D+I.

No orzamento de 2010 consolídanse estes compromisos, dándolle continuidade cos seguintes programas de apoio á investigación:

- Programa de Benvida para apoiar a Incorporación de Investigadores seleccionados no programa Ramón y Cajal (75.000 €).
- Programa Propio de Promoción do PDI a prazas dos corpos de funcionarios, incluíndo o programa de Promoción a Cátedra para acreditados con tres sexenios (30.000 €).

- Programa Xeral de Formación Doutoral, cun incremento de axudas predoutorais que totalizan un total de 15 novas axudas/ano (510.000 €).
- Plan de Formación Doutoral para Áreas de Especial Dificultade, con oito novas bolsas e cinco novas axudas predoutorais (170.000 € en axudas e 113.600 € en bolsas de formación).

TOTAL: 1.398.600 € (539.600 Bolsas formación; 680.000 Axudas predoutorais)

Ademais, no Orzamento para 2010 queremos darlle continuidade a todo o resto de programas de investigación, comezando pola produción científica, dotada con 885.500 € e os grupos de investigación, dotados con 908.000 €, e seguindo cos programas de Axudas a Proxectos Internacionais, Reunións Científicas, Mobilidade de Investigadores, etc., por un importe adicional de 368.000 €.

En conxunto, a dotación que queremos dedicar en 2010 a financiar as liñas estratéxicas do PLAN de I+D+i ten un importe de 3.665.113€.

D). COMO CARTA LIÑA ESTRATÉXICA QUERO MENCIONAR OS PROGRAMAS ESPECIAIS DE PROMOCIÓN PARA DOUTORES ACREDITADOS.

Como xa expliquei no punto anterior, queremos que o orzamento de 2010 financie 15 novas prazas deste Programa Especial, cun custo estimado de 700.000 €/ano.

E). EN QUINTO LUGAR, QUEREMOS MANTER COMO LIÑA ESTRATÉXICA O PLAN DE DESGRAVACIÓNS POR ACTIVIDADES DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN.

As actividades foron aprobadas no pasado Consello de Goberno, asignando, entre outras, as seguintes desgravacións:

- Desgravacións asignadas por actividades docentes, incluíndo grao e posgrao, intercambio de estudantes, prácticas pre-profesionais, proxectos fin de carreira e doutoramento: 3.417 créditos desgravables, cun custo estimado de 3.385.000 €.
- Desgravacións asignadas por actividades de I+D, incluíndo grupos, proxectos europeos, dirección de teses, sexenios, etc.: 1.837 créditos desgravables, cun custo estimado de 1.185.000 €.

En total, esta liña asigna desgravacións por un volume total de 5.254 créditos e de 4.570.000 €.

F). EN SEXTO LUGAR, O ORZAMENTO DE 2010 PRETENDE ASUMIR COMO LIÑA ESTRATÉXICA O FINANCIAMENTO DE INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS, NOVAS OU EN EXECUCIÓN.

O tema das infraestruturas foi exposto polo miúdo no anterior epígrafe; así que nesta oportunidade limitareime a aportar os datos máis relevantes. Globalmente, o orzamento previsto por este concepto acada os 5,6 millóns de euros, afectados ao financiamento dos seguintes proxectos:

- Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO). Acadouse financiamento externo por importe de 6M€ que se irán xerando a medida que avance a obra.
- Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CINTEC)(10.000 €). En concurso. Sinalízase este importe, xerándose o crédito correspondente no momento no que se acade financiamento.
- Módulo Tecnolóxico Industrial (2.400.000 €).
- Novo CACTI (1.800.000 €).
- Pavillón embarcacións ECIMAT (160.000 €).
- Equipamento Científico (900.000 €).

G). EN CANTO ÁS INFRAESTRUTURAS DOCENTES E DE SERVIZOS, AS DIFICULTADES FINANCEIRAS DE 2010 ACONSELLAN FACER APOSTAS BASTANTE SELECTIVAS.

A nosa intención é dotar dun xeito suficiente as partidas dedicadas a Reformas e Mantemento, xa que as posibilidades de obra nova van a ser menores. E, sobre todo, cumprir os compromisos adquiridos no que fai referencia a construción das escolas infantís nos distintos campus da Universidade de Vigo. Con tal motivo, o orzamento para 2010 incluírá unha partida de 2,3 millóns de euros (435.000 € para Ourense, 370.000 € para Pontevedra e 1.500.000 € para Vigo).

Ademais, o orzamento financiará a realización de actuacións de urbanización no Campus de Pontevedra (530.000 €) e o proxecto de urbanización do Campus Sur en Ourense (1.100.000 €).

Así mesmo, contéplase a construción de 2 pasarelas no campus de Vigo por un importe de 350.000 €: unha que unirá o Módulo Tecnolóxico coa Escola Superior de Enxeñaría Industrial (200.000 €) e outra que conectará o novo CACTI coas Facultades de Bioloxía, Ciencias do Mar e Química (150.000 €).

Por último, no campus de Pontevedra consígnase tamén o crédito necesario para financiar o proxecto e o inicio das obras do Edificio das Artes en Pontevedra (440.000 €), anticipando a posibilidade, como expliquei antes, de que por fin chegue a desbloquearse en 2010 o proxecto urbanístico no que estamos inseridos.

H). COMO LIÑA ESTRATÉXICA PARA 2010 IDENTIFICAMOS TAMÉN A CONTINUIDADE DO PLAN DE RENOVACIÓN INFORMÁTICA INICIADO EN 2009.

A dotación orzamentaria prevista para esta liña é de 1.100.000 €, cantidade que deberá financiar as seguintes actuacións: 2ª fase de desenvolvemento de XESCAMPUS, nova ferramenta de Xestión da Investigación, nova aplicación de Xestión Económica e novo Sistema de Información para a Xestión Estratéxica, ademais de implantar un novo sistema de Facturación con carácter integral para toda a Universidade.

I). NO ORZAMENTO DE 2010 QUEREMOS MANTER O NOSO COMPROMISO CO PLAN DE CALIDADE DOCENTE PARA CENTROS E DEPARTAMENTOS.

Este obxectivo vai significar unha dotación de 830.000 €, 460.000 € para centros e 370.000 € para departamentos. Ademais, queremos manter as dotacións que deben financiar o gasto de funcionamento dos centros e departamentos, o que supón uns importes adicionais de 5,3M€ e 0,4M€, respectivamente.

K). COMO LIÑA ESTRATÉXICA, QUEREMOS MANTER TAMÉN NO ORZAMENTO DE 2010 O COMPROMISO COA SOSTIBILIDADE.

O Plan SUMA, cunha dotación de 340.000 €, agrupa todo unha serie de actuacións de eficiencia e sostibilidade enerxética nas edificacións, reciclaxe e reutilización de residuos, avaliación do transporte, estudos do medio natural e patrimonial, inventario de instalacións singulares de I+D, iniciativas de colaboración e compromiso social, así como de difusión e de sensibilización das medidas de sostibilidade e estudos ambientais na Universidade de Vigo. Para o financiamento destas iniciativas cóntase coa subvención do Grupo Santander.

Así mesmo, nesta liña intégranse o Plan de Seguridade dos Laboratorios dotado neste exercicio cunha cantidade de 120.000 €, e o Plan de Control de Accesos a Centros e Instalacións da Universidade de Vigo, dotado con 100.000 €.

L). OUTRA DAS LIÑAS FORTES DO ORZAMENTO 2010 ATENDE AO FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS DE BOLSAS PARA ESTUDANTES

A cantidade global de fondos destinada a bolsas de estudantes ascenderá en 2010 a 2.200.000 €, o que supón un incremento do 13,4%.

Con esta cantidade dámoslle un novo impulso a mobilidade internacional, poñendo en marcha un novo programa de novas bolsas financiadas polo Banco Santander para atraer estudantes iberoamericanos aos mestrados da Universidade de Vigo (100.000 €). Isto súmase aos programas en marcha das bolsas Bancaja (50.000 €) e da propia Universidade (50.000 €) para favorecer a mobilidade do noso estudiantado.

Continuamos, por tanto, a liña ascendente dos últimos anos nos programas de intercambio. A nosa Oficina de Relacións Internacionais traballará en 2010 cun orzamento de 3,4 millóns de €, cunha previsión de case 600 estudantes e 100 docentes e PAS que participarán nos diversos programas de mobilidade da Axencia Nacional Erasmus e da Axencia Española de Cooperación Internacional, así como nos proxectos de cooperación interuniversitaria que se aproben para realizar durante 2010 actividades en América Latina. Por outra banda, o programa reflicte a participación en actividades e programas que requiren co-financiamento, como poden ser os programas TEMPUS. Salientar tamén as diversas actuacións “Jean Monnet”, sobre as cales a Universidade de Vigo ten o recoñecemento de Centro de Excelencia.

M). PROPOÑEMOS TAMÉN COMO LIÑA ESTRATÉXICA PARA 2010 O PLAN DE IGUALDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO, QUE ESPERAMOS TER LISTO E APROBADO NO PRÓXIMO TRIMESTE .

Nesta liña, pretendemos desenvolver accións por importe de 100.000 €, incluíndo labores de promoción e difusión, traballos orientados a un mellor coñecemento da situación das mulleres e os homes na Universidade de Vigo, programas que teñan como obxectivo corrixir desigualdades detectadas ou tratamentos inadecuados da información ou da comunicación e posta en marcha de cursos de formación e campañas de difusión a favor da igualdade. Isto poderase complementar con actividades culturais con perspectiva de xénero.

O). E, POR ÚLTIMO, CONSIDERAMOS A EXTENSIÓN UNIVERSITARIA, E AS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS QUE PROMOVE, COMO UNHA DAS LIÑAS FORTES TAMÉN DO ORZAMENTO 2010.

O orzamento global asignado a esta liña é de 2,2M€. Este volume de recursos permite levar a cabo unha actividade deportiva e cultural intensa e con claras repercusións positivas na comunidade universitaria e mesmo na visualización que ten a sociedade en xeral da nosa institución. Estas actividades contan co patrocinio de Caixanova.

Igualmente continuaremos a ofrecer os servizos do gabinete psicopedagóxico e aqueles outros, como o “Campus Camp” ou o Programa “Deporte e Saúde”, que se están dando desde as Vicerreitorías de Campus e desde a Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudiantes, e que contribúen a mellorar a calidade de vida da comunidade universitaria.

Non quere finalizar este informe sen aportar dúas informacións de certa relevancia:

1. .En primeiro lugar, debemos estar informados da posta en funcionamento durante 2010 de novos Centros e Instalacións, cos seus servizos asociados, nos tres Campus da Universidade de Vigo. Este é un capítulo orzamentario moi importante, aínda que a súa incidencia atópase difuminada sobre todo nas diferentes partidas do Capítulo II do Gasto Corrente. Pero son gastos certos e inevitables, e nos permiten recordar o caro que resulta o progreso científico en termos orzamentarios. Estes novos Centros e Instalacións son a Biblioteca das Facultades de Bioloxía, Ciencias do Mar e Química , o Módulo Tecnolóxico Industrial no Campus de Vigo, os novos vestiarios e laboratorios da Facultade de Ciencias da Educación, no Campus de Pontevedra, e o CITI e o campo de fútbol-rugby, no Campus de Ourense.
2. . E, por último, informa dunha novidade que queremos incorporar nas próximas normas de xestión orzamentaria. O Orzamento de 2010 abrirá a posibilidade, por primeira vez, de converter aos grupos de investigación en verdadeiros Centros de Gasto, acumulando todas as súas actividades e financiamento nunha única partida contable en condicións de estabilidade durante un período mínimo de 3 anos. Levamos moito tempo detrás desta posibilidade e por fin no vindeiro exercicio orzamentario será unha realidade.

ANEXO 1: CADROS XERAIS DE INGRESOS E GASTOS –ORZAMENTO 2010.**CADRO 1: ORZAMENTO DE INGRESOS PARA 2010 - COMPARACIÓN CO EXERCICIO 2009**

Exercicio	2009		2010		Variacións (en %)
	Importe (A)	% s/total	Importe (B)	% s/total	[(B) - (A)] / (A)
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.770.018	8,65	15.833.018	9,00	0,40%
IV. Transferencia correntes	111.979.609	61,45	98.549.919	55,99	-11,99%
V. Ingresos patrimoniais	1.185.000	0,65	535.000	0,30	-54,85%
Ingresos correntes	128.934.627	70,76	114.917.937	65,29	-10,87%
VI. Enaxenación de investimentos reais	0	0,00	0	0,00	0,00%
VII. Transferencia de capital	34.309.274	18,83	39.458.798	22,42	15,01%
VIII. Variación de activos financeiros	18.973.935	10,41	21.623.585	12,29	13,96%
IX. Variación de pasivos financeiros	0	0,00	0	0,00	100,00%
Ingresos capital	53.283.209	29,24	61.082.383	34,71	14,64%
TOTAIS	182.217.836	100,00	176.000.320	100,00	-3,41%

CADRO 2: ORZAMENTO DE GASTOS PARA 2010 - COMPARACIÓN CO EXERCICIO 2009

Exercicios	2009		2010		Variacións (en %)
	Importe (A)	% s/total	Importe (B)	% s/total	[(B) - (A)] / (A)
I. Persoal	94.686.294	51,96	99.336.400	56,44	4,91%
II. Gastos correntes	29.569.581	16,23	28.496.842	16,19	-3,63%
III. Gastos financeiros	73.003	0,04	73.003	0,04	0,00%
IV. Transferencias correntes	7.319.181	4,02	6.844.045	3,89	-6,49%
V. Fondos de contingencias	0		500.000	0,28	100,00%
Operacións correntes	131.648.059	72,25	135.250.290	76,85	2,74%
VI. Investimentos reais	47.786.196	26,22	38.123.029	21,66	-20,22%
VIII. Activos financeiros	90.001	0,05	90.001	0,05	0,00%
IX. Pasivos financeiros	2.693.580	1,48	2.537.000	1,44	-5,81%
Operacións capital	50.569.777	27,75	40.750.030	23,15	-19,42%
TOTAIS	182.217.836	100,00	176.000.320	100,00	-3,41%

Punto 4. Aprobación, se procede, do procedemento de aprobación polo Claustro Universitario dos regulamentos de desenvolvemento dos Estatutos.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que neste momento en que xa estamos na recta final da aprobación dos Estatutos da Universidade, en canto só queda a aprobación pola Xunta de Galicia e a publicación no DOGA, e cando algunhas comisións encargadas da elaboración de regulamentos de desenvolvemento dos Estatutos xa teñen moi avanzado o seu traballo, chega o momento de establecer un procedemento para a aprobación dos distintos regulamentos que sexa áxil pero ao mesmo tempo que permita a todos os claustrais unha axeitada participación no debate dos mesmos.

O procedemento que se propón é o seguinte:

Primeiro. A Comisión encargada da elaboración do texto do regulamento presentará ante o Presidente da Mesa do Claustro o proxecto do mesmo.

Segundo. Este proxecto remitirase a todos os claustrais e abrirase un prazo de 10 días para a presentación de propostas de mellora.

As propostas deben estar avaladas pola sinatura e DNI de polo menos 10 claustrais e poderán consistir na inclusión, modificación ou supresión de texto, ademais deben ir acompañadas da argumentación en que se fundamenten.

As propostas remitiranse ao Presidente da Mesa do Claustro en formato electrónico antes das 14 horas do día en que remate o prazo establecido.

Terceiro. A Comisión debaterá as emendas presentadas e, no seu caso, as someterá a votación. A proposta entenderase aprobada se obtén o voto da maioría dos membros presentes da Comisión. En caso contrario, entenderase rexeitada pero obterá o dereito de ser defendida no Pleno do Claustro se consegue o apoio favorable dunha cuarta parte dos membros da Comisión presentes na sesión.

Cuarto. Elaborado o proxecto pola Comisión, convocarase a todos os membros do Claustro para o seu debate e aprobación, se procede.

Quinto. A aprobación polo Claustro dos regulamentos requirirá o voto favorable da maioría dos claustrais presentes.

O regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Claustro.

Intervén a Prof^a. Fernández Manín para sinalar que non está de acordo con dous aspectos da normativa: dun lado, o feito de que o Claustro non teña información sobre as emendas presentadas; segundo, que as propostas requiran para a súa aprobación o voto da maioría dos membros das comisións e para o seu rexeitamento pero con dereito a ser debatidas polo Claustro, o voto dunha cuarta parte dos membros da Comisión presentes na sesión.

Debátese sobre o tema entre a Prof^a. Fernández Manín, o reitor, a secretaria xeral e o vicerreitor de formación e innovación educativa, chegándose á conclusión de que no punto terceiro do procedemento, relativo á aprobación das propostas presentadas pola comisión requirírase o voto da maioría dos membros da mesma (suprímese a referencia “presentes”); e a incorporación dun apartado segundo no punto catro que diga o seguinte:

“Xunto co texto aprobado pola comisión, tamén se remitirán aos claustrais as propostas de mellora tanto aprobadas como rexeitadas polo membros da comisión”.

Apróbase por asentimento.

O Sr. Vilhar intervén para sinalar que o procedemento aprobado vulnera o dereito das minorías do Claustro e da Universidade.

Punto 5. Comparecencia da Xerencia para a análise e debate da política xerencial relativa aos cumprimentos dos acordos asinados coa Xunta de Persoal, a oferta de emprego público, a RPT de biblioteca e Campus, carreira administrativa, produtividade variable, política de emprego, formación.

Intervén a secretaria xeral para sinalar que este punto foi solicitado, en cumprimento do art. 13.2 do Regulamento de Réxime Interno de Claustro, por un dez por cento de Claustrais.

Intervén a xerente que procede á exposición que se recolle no **anexo I**.

Ten a palabra o Sr. Cebro para sinalar que se solicitou a comparecencia da xerencia no Claustro porque ten que dar explicacións a toda a comunidade universitaria de por que o equipo xerencial, con todo o gasto que supón, non ten mellorado a xestión. Teñen que explicar que cambiou con este gasto que supón todo o equipo, non poñen en dúbida o salario da xerente senón o equipo xerencial tan grande e o coche e o chofer. Cando hai un problema en algún sitio se crea unha xerencia. Fala a xerente de vontade negociadora e sinala que dende a primeira reunión sobre a OPE en xullo e reiteradamente se solicitaron datos sobre a oferta, en concreto sobre a oferta de axudantes de biblioteca e de letrado. Nunca se lle deu información ata a remisión ao Consello de Goberno da documentación. Sinala que nunca unha xerencia escondeu información vital sobre a oferta de emprego público e despois se soubo que era para favorecer a un grupo concreto que son simpatizantes e afiliados de CCOO. Reitera a necesidade de negociar e fai referencia á gran confrontación que existe. Cree que esta situación ten que acabar. Considera que a xerente se deixou influenciar nas mesas negociadoras. Recorda cando se negociou a RPT de funcionarios e o concurso e o esforzo que se fixo pola Xunta de Persoal para chegar a acordos. Refírese posteriormente á promoción interna de biblioteca. En canto á formación sinala que hai moitas horas de formación pero no para todo o mundo; non houbo formación sobre Xescampus. Piden formación. En investigación, se fixeron unhas funcións dividindo en tres apartados, un dos máis importantes que é o de contratos, están traballando mañá e tarde para evitar que a xente se quede sen contratos. Hai problemas tamén na execución das convocatorias de investigación. Considera que o peor foi que se puxo en dúbida a competencia do persoal desta casa. Fala tamén da Biblioteca e sinala que a RPT no creceu nada e a xerencia creceu nun 130%. Finaliza a súa intervención pedindo á xerente que recapacite e que o persoal que está estudando que non o faga en balde. Sinala que a Xunta de Persoal está forte e unida.

O Sr. Fernández recorda que a vez anterior que pediu a intervención de Xerencia foi en febreiro e se falou de liñas xerais de xestión e é certo que non se fixo moito dende entón pero si houbo cousas que calaron. Espera que a negociación continúe e que se chegue a acordos beneficiosos para todos. No PAS laboral di que hai moitos compañeiros do grupo III que están enfadados porque teñen sen desenvolver unha disposición adicional. Pide que se continúe cara adiante. En canto á posible funcionarización, en relación á proposta traballada era realizable e podía continuarse. Todos queren negociar.

O Sr. Vilhar sinala que hai actuacións das persoas que din algo máis do que son que presentacións en power point. Expón que Ana Fernández abriu tres expedientes disciplinarios pese a non ter competencias en materia disciplinaria. Ademais, utilizou a mentira para sancionarlle en canto se abriu o expediente por unha denuncia dun alumno que despois se retirou. Entende que a xerente non ten intención de contar cos traballadores. Existe lexislación que indica como se ten que cambiar unha aplicación informática en canto ao persoal. Entende que na Universidade sempre houbo clases, aos funcionarios se lles aproba a OPE e pregunta ónde está a oferta de emprego da Xerencia ou se se poden crear novas vicexerencias cando se estime oportuno. Entende que a xestión da universidade está peor que nunca. Sinala que non se pode vir ao Claustro a mentir como fai a xerente. Por último, dille ao reitor que lle gustaría que tivese a decencia de contestarlle sobre o expediente disciplinario que se lle incoou.

A xerente resposta que levan feitas moitas reunións e se chegaron a acordos moitas veces pero dende un momento determinado ao Sr. Cebro non lle interesa negociar coa Xerencia. En canto a xerar inseguridade sobre a OPE supón unha grande irresponsabilidade. En canto á formación, por primeira vez existe un plan de formación.

Finalmente, remata a súa intervención sinalando que está a disposición de todo o persoal para negociación de todos os asuntos

O Sr. Cebro sinala que ten que negociar coa Xunta de Persoal e non con Xan Cebro, pide respecto ao órgano de representación. Reitera que o 25 de setembro na reunión se acordou que se remitiría a documentación sobre axudantes de biblioteca e letrado e iso está na acta. Quen rompeu a negociación foi a xerente. Seguidamente, fai referencia á promoción interna e reitera a excesiva dotación da Xerencia na universidade.

O Sr. Vilhar sinala que non lle gusta que se lle insulte e a xerente o fixo e non lle gusta que fale de colaboración de todos cando fai precisamente o contrario. Pregunta en relación ao campus de Pontevedra sobre algo que se teña descentralizado.

Punto 6. Elección dos seguintes postos vacantes no Consello de Goberno:

Sector decanos/directores: 3.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que hai tres candidatos presentados para tres prazas vacantes, polo que non é necesario facer votación. Os novos membros do Consello de Goberno polo sector decanos/directores son:

- D. Pedro Araújo Nespereira, Decano da Facultade de Ciencias de Ourense.
- Dna. M^a Camiño Noia Campos, Directora do Departamento de Filoloxía Galega e Latina.
- D. Manuel Gutiérrez Nieto, Director da Escola Universitaria de Fisioterapia.

Punto 7. Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:

COMISIÓN Nº1: Regulamento de réxime económico e contratación.

Regulamento do persoal de administración e servizos.

Sector estudantes: 3.

COMISIÓN Nº3: Regulamento de profesorado.

Sector estudantes: 2.

COMISIÓN Nº4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia.

Regulamento de institutos universitarios.

Sector profesor funcionario doutor: 1.

Sector estudantes: 2.

COMISIÓN Nº6: Regulamento do Tribunal de Garantías.

Regulamento de réxime disciplinario.

Sector outro persoal docente e investigador: 1.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen indica que no é necesario facer votacións. Só houbo un candidato presentado na comisión número 4: (para a elaboración do Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia e Regulamento de institutos universitarios) para o sector de profesorado funcionario doutor:

D. Roberto O. Bustillo Bolado, profesor titular de Universidade da Facultade de Dereito de Ourense.

O resto das prazas das distintas comisións quedan vacantes.


Punto 8. Rogos e preguntas.

O Sr. Álvarez Moreira fai as preguntas que se recollen no **anexo II**.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:15 horas do día 9 de decembro de 2009, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto. e prace do reitor.

O reitor

Alberto Gago Rodríguez



A secretaria xeral

Esther M^a González Pillado

